

Comisión Extensión Universitaria e Estudiantes
15 de novembro de 2010

4.- Modificación do regulamento do Coro Universitario

Proponse a modificación do artigo 9 do estatuto do regulamento do Coro Universitario, que poña:

“As actuacións de carácter institucional organizadas polo Goberno da Universidade e os seus Centros, tales como a apertura de curso, doutoramento, Honoris Causa e festividade do patrón da Universidade de Vigo e dos seus centros, non suporán cargo algún para a Universidade.

No caso de que a intervención musical do coro da Universidade de Vigo tivese lugar a pedimento dun centro adscrito ou dun organismo ou institución alleos á Universidade de Vigo, será esta directamente a que lle facture aos mesmos, sen que ningún integrante do coro, nin este no seu conxunto, poida percibir retribución algunha pola súa actuación.

As taxas polas intervencións do coro serán fixadas polo Consello Social previa proposta do Comité de Xestión”.

